

EIXE 2 | A Recuperación como meta

## Capazitando: programa para a mellora da empregabilidade das persoas con trastorno mental no rural 2023

### Entidade executante

**Andaina Pro Saúde Mental** ( <https://www.andainapsm.org/>)

### Ámbito territorial

O programa desenvólvese no Concello de Ordes e Dodro.

### Persoas destinatarias

Persoas en situación de busca procura de emprego cun trastorno mental ou adictivo, mediante a adquisición de valores, competencias e habilidades.

### Obxectivos

#### Xeral:

Contribuir a mellora da empregabilidade e incorporación social das persoas con trastorno mental no rural .

#### Específicos:

- Definir coas persoas participantes itinerarios formativo-laborais personalizados para a mellora da súa situación socio-laboral .
- Capacitar ás persoas participantes en valores , habilidades e competencias básicas para a mellora da empregabilidade.
- Achegar ás persoas participantes ó tecido formativo-laboral da contorna para o fomento da súa incorporación social .

### Metodoloxía

O programa seguirá un modelo de orientación centrada no individuo;dirixido á intervención á totalidade da persoa , non só cara a área profesional ou formativa. É dicir desenvolverase unha orientación enfocada nos seus coñecementos, aptitudes e actitudes e valores; o que se coñece como “orientación por competencias”.